

# IDEAS PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS 9 XANEIRO 2022

## O ceo ábrese e Deus preséntanos o seu fillo

### 1. VER: Recordamos o noso bautismo

- Podemos comezar abrindo o álbum de fotos repasando a data do noso bautismo, os nosos pais que nos sostían, os padriños, a pila bautismal, a parroquia onde nos bautizaron, o sacerdote, os xestos que nos fixo o sacerdote e o seu significado, os invitados, o banquete...

*Que che contaron daquela día? Para que te bautizaron?*

### 2. XULGAR: Deus preséntanos o seu fillo

- Termina o Nadal e, no evanxeo de hoxe, Xesús foi bautizado; “mentres oraba, abríronse os ceos, baixou o Espírito Santo sobre el con aparencia corporal semellante a unha pomba e veu unha voz do ceo: -«*Ti es o meu Fillo, o amado; en ti comprázome*»”

O bautismo de Xesús, película:

<https://www.youtube.com/watch?v=xTaScPYfZjk&t=98s>

#### QUE NOS QUERE DICIR? O bautismo é o comezo:

- Recordades que lle facemos ao neno? Podería parecer que é unha celebración ou uns xestos sen importancia: botámoslle a auga na cabeza, unxímolo na fronte e no peito con aceite, acendemos unha candeia e poñémoslle un paniño branco na cabeza. *Que hai detrás de todo iso?*
- Comezamos a ser os fillos amados de Deus: recorda sempre que es fillo de Deus, o seu fillo querido, que nunca te vai abandonar, que sempre podes confiar nel. “*Ti es o meu Fillo, o amado, o predilecto*”, dinos Deus a nós.

- **Contamos coa forza do Espírito Santo:** *“baixou o Espírito Santo sobre el”* e sobre nós, o espírito que nos dá o lume do amor, que nos guía, que nos regala a graza de Deus.
- **A partir do bautismo pertencemos a unha familia (a Igrexa)** que nos arroupa, edúcanos, regálanos o perdón de Deus cando o ofendemos, aliméntanos coa eucaristía cando fraquean as nosas forzas” Nesa familia hai unha nai cariñosa, María.
- **Comezamos como Xesús unha misión:** Polo aceite recibimos un “plus” que é o Espírito que prende nos nosos corazóns e invítanos a entrar na ola do AMOR para construír o seu Reino.
- Bautizaríaste hoxe?, Verbo Divino 2022:  
<https://www.youtube.com/watch?v=jG3yQKLJGx8>

***É o bautismo só unha festa familiar? Que significa para nós?***

### **3. ACTUAR: Vive cada día o teu bautismo**

- Visitade na igrexa a pila bautismal na que vos bautizaron. Podédela adornar con flores para a misa do bautismo do Señor. Tomade un pouquiño de auga dela, persignádevos e dicides: *“Grazas, Señor, polo bautismo polo que son fillo de Deus e membro da familia da Igrexa”*. Na misa os pais poden achegarse á pila bautismal e facerlle a cruz na fronte.
- Cada vez que entredes nunha igrexa, achegádevos á pila de auga bendita, facede o sinal da cruz recordando o día en que Xesús “empapou” para sempre a vosa vida, e dicide: *“Tomando esta auga bendita e facendo o sinal da cruz quero recordar o meu bautismo. Como bautizado, entro na Igrexa para vivir máis a fondo a miña unión con Xesús e para compartir a fe con toda a comunidade cristiá. Que Deus Pai, que Deus Fillo, que Deus Espírito Santo acompañeme sempre. Que esta auga bendita sexa pois para nós salvación e vida”*.

O bautismo, Rafael Moreno:

<https://www.youtube.com/watch?v=Wif8jJQpBpYnzar>:

***Que ides facer? E no grupo?***

# LECTURAS

- **ISAÍAS 42, 1-4. 6-7: *Mirade o meu servo, a quien prefiro.***

Así di o Señor: Mirade o meu servo, a quen a quen sosteño; o meu elixido, en quen me comprazo. puxen o meu espírito sobre el, manifestará a xustiza ás nacións. Non gritará, non clamará, non voceará polas rúas.

A cana cascada non a crebará, a mecha vacilante non a apagará. Manifestará a xustiza con verdade. Non vacilará nin se crebará, ata implantar a xustiza no país. Na súa lei esperan as illas.

«Eu, o Señor, chameite na miña xustiza, collinte da man, formeite e fixen de ti alianza dun pobo e luz das nacións, para que abras os ollos dos cegos, saques os cativos do cárcere, da prisión os que habitan en tebras». *Palabra do Señor.*

- **SALMO 28:**  
***O Señor bendí o seu pobo coa paz.***
- **HECHOS 10,34-38: *Unxido por Deus coa forza do Espírito Santo***

Naqueles días, Pedro tomou a palabra e dixo:

«Agora comprendo con toda verdade que Deus non fai acepción de persoas, senón que acepta o que o teme e practica a xustiza, sexa da nación que sexa.

Enviou a súa palabra aos fillos de Israel, anunciando a Boa Nova da paz que traería Xesucristo, o Señor de todos. Vós coñecedes o que sucedeu en toda Xudea, comezando por Galilea, despois do bautismo que predicou Xoán.

Refírome a Xesús de Nazaré, unxido por Deus coa forza do Espírito Santo, que pasou facendo o ben e curando os oprimidos polo diaño, porque Deus estaba con el» *Palabra do Señor.*

- **LUCAS 3, 15-16. 21-22: Xesús foi bautizado. Mentres oraba, abriuse o ceo.**

**Narrador:** Naquel tempo, o pobo estaba expectante, e todos se preguntaban no seu interior sobre Xoán se non sería o Mesías, Xoán respondeulles dirixíndose a todos:

**Xoán:** *-«Eu bautízovos con auga; pero vén o que é máis forte ca min, a quen non merezo desatarlle a correa das súas sandalias. El bautizaravos con Espírito Santo e lume».*

**Narrador:** E sucedeu que, cando todo o pobo era bautizado, tamén Xesús foi bautizado;

e, mentres oraba, abríronse os ceos, **baixou o Espírito Santo** sobre el con aparencia corporal semellante a unha pomba e veu unha voz do ceo:

**Voz:** *-«Ti es o meu Fillo, o amado; en ti me comprazo».*

*Palabra do Señor.*

**(Narrador – Xoán – Voz)**